

Pedro Sánchez respalda aos candidatos da Mariña e comprométese a levar ao Congreso as súas peticións

As demandas, recollidas no escrito que o alcaldable local –Jaime Cancio- entregou ao líder do Partido Socialista, están centradas na mellora das infraestruturas viarias, co fin de que o Goberno Central cumpra os compromisos asumidos para solucionar os cortes de tráfico da A-8, para garantir o mantemento da N-642 e executar o corredor Barreiros-San Cibrao

Acompañado dos secretarios Xerais do PSdeG e do PSOE provincial, ademais de deputados no Parlamento de Galicia e no Senado, amosou o seu apoio e respaldo aos candidatos mariñanos, pues “somos el cambio que garantiza los servicios públicos. Por eso, creo que el 24M será una oportunidad para que todos los gallegostengangobiernos que representen a la mayoría. Los cambios se hacen desde abajo y, es aquí, donde hay que pelear para lograrlo”, subliñou

Destacou a gran acollida recibida e amosou a súa satisfacción por atoparse nunha comarca “a la que le tengo especial cariño, pues ha sido donde se creó la primera plataforma para pelear por las primarias a la secretaria General del Partido”

A visita provocou unha gran expectación no municipio. Máis de 200 persoas se achegaron ata as portas da Casa da Cultura, onde, antes de visitar o Porto, mantivo unha xuntanza cos candidatos

FOZ. 22 DE ABRIL DE 2015.-O secretario Xeral do PSOE –Pedro Sánchez- comprometeuse este mércores en Foz a levar ao Congreso as peticións dos candidatos da Mariña, baseadas, fundamentalmente, na mellora das infraestruturas viarias, co fin de acadar unha maior vertebración da comarca, tanto con Lugo como co resto de provincias limítrofes. Así o reflicte o escrito que o alcaldable local –Jaime Cancio- entregou ao líder do Partido Socialista, e que inclúe, en primeiro lugar, unha solución inmediata por parte do ministerio de Fomento para os continuos cortes de tráfico no treito Lourenzá-Abadín, a consecuencia da néboa.

Deste xeito, o máximo dirixente dos socialistas, tal e como indicou Cancio, “será la voz de los mariñanos en el Congreso”, pois a ministra Elena Pastor, malia anunciar medidas ao respecto tralo grave accidente acontecido nesta autovía, aínda continúa falando dun proxecto de futuro. Pedro Sánchez pedirá así que o Executivo de Rajoy compense o desleixo do PP con esta zona, e que quedou demostrado tamén no rexeitamento ás emendas dos socialistas aos Orzamentos Xerais do Estado deste ano, e que incluían unha partida de 500.000 euros para a N-634 e de 1 millón de euros para actuacións de seguridade vialna A-8.

Neste senso, o secretario Xeral apelou á responsabilidade da Xunta de Galicia e ao presidente Feijóo para interceder perante a ministra, para, dunha banda, arranxar esta situación en dita autovía e, doutra, garantir o mantemento da N-642, altamente deteriorada. Asimesmo, tamén solicitará a Fomento que retome o proxecto do corredor, que vai Barreiros a San Cibrao e que é de titularidade estatal.

Finalmente, o líder do PSOE tamén se interesou polos problemas de dragado das infraestruturas portuarias de Foz, Ribadeo e Viveiro, o que provoca que non se lles poida garantir aos usuarios un calado mínimo, así como polas necesidades que ten o sector pesqueiro, concretamente a flota do cerco.

Máximo respaldo á Mariña

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com
www.facebook.com/psoeprovinciallugo
www.twitter.com/PsoeLugo

O secretario Xeral do PSOE fixo estas declaracións no transcurso da visita realizada á localidade focese, e coa que quixo amosar o máximo respaldo aos alcaldables desta comarca que concorrirán ás eleccións do vindeiro mes de maio. “Somos el cambio que garantiza los servicios públicos. Por eso, creo que el 24M será una oportunidad para que todos los gallegos tengamos gobiernos que representen a la mayoría. Los cambios se hacen desde abajo y, es aquí, donde hay que pelear para lograrlo”, subliñou

Gran expectación

A presenza de Pedro Sánchez en Foz provocou unha gran expectación no municipio. Máis de 200 persoas se achegaron ata as portas da Casa da Cultura, onde, antes de coñecer o Porto, mantivo unha xuntanza cos candidatos da comarca. Neste senso, o secretario Xeral agradeceu a gran acollida recibida e amosou a súa satisfacción por atoparse nesta zona; “una comarca a la que le tengo especial cariño, pues ha sido donde se creó la primera plataforma para pelear por las primarias a la secretaria General del Partido”.

Camiño a Lugo

Unha vez rematada a visita, o líder socialista, xunto aos secretarios Xerais do PSdeG e de Lugo – José Ramón Gómez Besteiro e Juan Carlos González Santín, respectivamente-, os deputados autonómicos –Concepción Burgo, Vicente Docasar e José Ramón Val- e o senador por Lugo – Ricardo Varela-, emprendeu a viaxe a Lugo no bus que percorrerá 25.000 quilómetros de socialismo por toda España, e onde será recibido polo alcalde da cidade e candidato á alcaldía –José López Orozco- e participará nun percorrido polo centro da capital e nun encontro con veciños para apoiar as súas reivindicacións.